



**CONCELLO  
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO  
CONCELLO DE A GUARDA O DÍA 10 DE XUÑO DE 2015.**

Na Casa Consistorial do Concello de A Guarda, sendo as nove horas e quince minutos do día dez de xuño do ano dous mil once, trala correspondente convocatoria, tivo lugar a sesión ordinaria do Pleno deste Concello que foi presidida polo Sr. Alcalde, D. Jose Manuel Domínguez Freitas e contou coa asistencia dos seguintes concelleiros/as:

- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Monserrat Magallanes Alvarez
- D. Miguel Angel Español Otero
- D. Paulino Rodríguez González.
- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Teresa Vicente Baz.
- D. Antonio Lomba Baz
- D. Manuel Javier Crespo González.
- D<sup>a</sup>. Carmen M<sup>a</sup> Castro González.
- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> de Fátima Iglesias Ferreira.
- D. Rafael Pablo Rodríguez Amenedo.
- D. Antonio Fontenla Martínez
- D<sup>a</sup>. Hortensia M<sup>a</sup> Vicente Santiago
- D. Javier González Verde
- D<sup>a</sup>. Carmen Gloria Fernández Ozores
- D. Xan Lois Lomba Alonso.
- D<sup>a</sup>. Hortensia García Díaz
- D<sup>a</sup>. Beatriz Estévez Álvarez

Actúa como Secretario Acctal. o funcionario do Concello D. José Carlos Martinez Crespo. Asiste a Interventora municipal, dona Ana Llorca Maneiro.

Sendo a hora sinalada, pásase a tratar dos asuntos que conforman a orde do día que foron legal e previamente notificados, seguintes

**PUNTO ÚNICO.- APROBACIÓN ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES:  
Ordinaria de 30/01/2015; Extraordinaria de 11/03/2015; Ordinaria de  
27/03/2015 e Extraordinaria de 27/04/2015).**

Sometida a votación a **acta de 30/01/2015**, foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR:** *Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, González Verde, Fernández Ozores, Lomba Alonso, García Díaz e Estevez Alvarez (dezasete votos a favor).*



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Sometida a votación a **acta de 11/03/2015**, foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR:** *Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, González Verde, Fernández Ozores, Lomba Alonso, García Díaz e Estevez Alvarez (dezasete votos a favor).*

Sometida a votación a **acta de 27/03/2015**, foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR:** *Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, González Verde, Fernández Ozores, Lomba Alonso, García Díaz e Estevez Alvarez (dezasete votos a favor).*

Sometida a votación a **acta de 27/04/2015**, foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR:** *Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, González Verde, Fernández Ozores, Lomba Alonso, García Díaz e Estevez Alvarez (dezasete votos a favor).*

O sr. Domínguez Freitas toma a palabra e maniféstase literalmente nos seguintes termos:

“Voume despois de 28 anos na Corporación Municipal; deles, 9 de Alcalde. Quero agradecer o traballo, compromiso e lealdade dos funcionarios e traballadores do Concello. Quero agradecer o traballo, compromiso e lealdade de tódolos concelleiros e concelleiras ó longo de todo este tempo e de xeito moi especial a dos compañeiros e compañeiras de grupo municipal que me acompañaron tanto en goberno coma en oposición. Quero agradecer, e para isto si que non teño palabras, a confianza das guardesas e guardeses, votantes ou non da miña formación. Sen o seu alento, sen o seu apoio, sen a súa crítica constructiva, o goberno deste pobo sería moito máis complexo.

Cando un remata unha labor, máis se é unha función pública, acostuma pedir perdón por se lastimou a alguén. Eu non vou facelo porque entendo que se debe pedir perdón se un lastimou querendo; non foi o meu caso: se lastimei foi sen pretendelo. Por esta razón, e iso si que non me doen prendas en facelo, pido disculpas. E eu, téndeo por certo, disculpo a todos os puideran lastimarme se obraron de boa fe.

Lía hai algún tempo unha entrevista cun futbolista importante e chamoume a atención unha resposta súa: son moi afortunado, páganme por facer o que máis me gusta, xogar ó fútbol. Eu digo o mesmo. Pagáronme por exercer o meu traballo de mestre e logo por estar de Alcalde, cousas que me gustou facer. Fun moi afortunado.

Non sei se no cargo estiven a altura. Cando no 99 fun Alcalde por vez primeira sentín escalofríos cada vez que pensaba na responsabilidade que adquiría. No 2007



# CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

e 2011 non desapareceron estas sensacións. A carga é dobre: un é responsable ante sí mesmo e pretende facelo o mellor posible e é responsable diante de toda a cidadanía por representar a todo un pobo; non é cousa menor. Se o levei, e non vou poñer ningún adxectivo, foi grazas a un grupo de compañeiras e compañeiros que sempre estiveron aí.

Hai persoas desta Corporación que, polo que sexa, tamén vos ides. Outras, continuades. Deséxovos a todos o mellor en todo o que fagades. Desexo que todos os que conformedes a futura Corporación teñades moitos acertos, en goberno e en oposición. E quéroo especialmente para o futuro Alcalde. Tede sempre en conta a importancia relativa que temos; a importancia superlativa tena sempre A Guarda.

Moitas grazias.”

A sra. Estevez Alvarez manifesta que foi un placer ser concelleira e deséxalle sorte ós concelleiros que continuen con esta labor nos vindeiros anos.

O sr. Lomba Alonso deséxalle sorte ó alcalde cesante así como ós concelleiros que constitúan a nova corporación.

A sra. Iglesias Ferreira maniféstase nos mesmos termos que o Sr. Lomba Alonso.

O Sr. Fontenla Martinez igualmente sinala que a etapa de concelleiro foi unha experiencia interesante aínda que decepcionante no sentido de que a labor que se pode realizar dende a oposición é menor. Desexa sorte ó alcalde cesante e ós concelleiros que integren a nova corporación.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as nove horas e trinte e cinco minutos o Sr. Presidente levanta a sesión , de todo o que eu, como Secretario, dou fe.

Vº e Pr.  
O Alcalde-Presidente en funcións

O Secretario

Jose Manuel Domínguez Freitas

José Carlos Martínez Crespo